SOLICITUDE DE INGRESO/RATIFICACIÓN DA CONDICIÓN DE SOCIO/A DA ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

D./Dna.: _____, con documento de identidade _____, actuando en representación de [1]_____ _____, con NIF/CIF _____na súa calidade de[2] _____ con domicilio na cidade de _____, rúa _____, C.P. _____, teléfono de contacto _____ e correo electrónico _____

Medios dos que é titular:

DENOMINACIÓN (Cabeceiras, marcas comerciais)	**SOPORTE** (papel, dixital, radio, tv...)	**PERIODICIDADE** (mensual, semanal, frec. de actualiz. dixitais)	**ÁMBITO TERRITORIAL** (área de distribución e/ou influenza)
· _____	_____	_____	_____
· _____	_____	_____	_____
· _____	_____	_____	_____
· _____	_____	_____	_____
· _____	_____	_____	_____

Coñecendo a existencia da **ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO**, e compartindo as súas fins fundacionais, declaro diante da Xunta Directiva da citada asociación a súa vontade de integrarse/ratificar a súa condición de socio/a.

DECLARO

1.- Que a entidade solicitante está inscrita no[3] _____ e cumpre con todas as obrigas legalmente establecidas para desenvolver as súas actividades.

2.- Que coñezo os Estatutos da **Asociación de Medios en Galego** e a entidade solicitante cumpre con todos os requisitos que os mesmos establecen para ostentar a condición de socio.

Asinado: _____

Enviar a: Asociación de Medios en Galego · Rúa Porróns, 8-2º · 15705 Santiago de Compostela ou a **mediosengalego@gmail.com**

[1] Denominación social en caso de persoas xurídicas.
[2] Cargo que ostenta na organización
[3] Indicar Rexistro Mercantil, Rexistro de Asociacións…

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO
ESTATUTOS

CAPÍTULO PRIMEIRO

Art. 1.- Coa denominación "ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO", constitúese unha entidade sen ánimo de lucro que se rexerá polos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicábel.

Art. 2.- A "ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO" establece o seu domicilio na cidade de Santiago de Compostela, rúa Porróns, número 8, andar 2º.

Poderán ser creadas delegacións noutras localidades a proposta da Xunta Directiva, que deberá ratificar a Asemblea Xeral de socios, a cal terá atribucións para mudar tanto o enderezo principal como o das delegacións locais, dando conta do seu acordo ao Organismo encargado do Rexistro de asociacións.

Art. 3.- Son fins da Asociación:

- Defender os intereses dos seus asociados, favorecendo así o fortalecemento dos medios de comunicación dos que son titulares.

- Contribuír ao proceso de asentamento do sector dos medios de comunicación de información xeral na lingua propia de Galicia e á consolidación dun espazo de comunicación en galego que responda ás necesidades actuais e de futuro propias da sociedade galega do século XXI, fomentando a presenza pública, tanto individual como conxunta, dos medios de comunicación en galego.

- Contribuir á profesionalización do sector de xeito que as empresas se doten de estruturas sólidas que garantan a proxección de cada medio conseguindo a independencia económica, sostén imprescindíbel da liberdade de prensa.

- Representar o sector e actuar diante das administracións locais, provinciais, nacionais e estatais, así como diante de todo tipo de institucións públicas e privadas, e tamén diante das institucións da Unión Europea e outras organizacións internacionais, en todo aquilo que afecte aos medios de comunicación en galego.

- Debater colectivamente os temas de interese para o sector e asesorar as entidades produtoras de medios integradas para facer fronte aos problemas profesionais comúns.

- Promover iniciativas lexislativas e administrativas que beneficien o sector.

- Desenvolver accións, eventos e campañas de sensibilización tendentes a visibilizar na sociedade a existencia dos medios de comunicación en galego.

- Intercambiar coñecementos e información entre os membros da Asociación e promover proxectos comúns que axuden a desenvolver de forma efectiva os fins da asociación.

- Contribuír ao proceso de normalización lingüística.

Art. 4.- Para dar cumprimento aos fins que lle son propios, a "ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO" poderá desenvolver as actividades que a tal efecto considere necesarias.

Art. 5.- A "ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO" promoverá as súas actividades principalmente dentro do ámbito territorial específico da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de actuacións ocasionais noutros lugares.

Terá duración indefinida e só se disolverá, conforme ao disposto nestes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como do resto do ordenamento xurídico.

Art. 6.- A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os presentes Estatutos e para cubrir as súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal vixente en materia de asociacións.

Os presentes estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante os acordos que validamente adoptaren a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.

CAPÍTULO SEGUNDO:

DOS ÓRGAOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Art. 7.- A dirección e a administración da asociación serán exercidas polo presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Art. 8.- O presidente da asociación asume a representación legal desta. Preside as sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral e é responsábel da execución dos acordos adoptados e de coordinar a súa realización. O presidente será designado pola Asemblea Xeral entre os socios/as; o mandato do presidente durará dous anos sen posibilidade de renovación por períodos consecutivos.

Art. 9.- A Xunta Directiva, cun número de membros impar, estará formada por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e un número de vogais que virá determinado polas necesidades da asociación.

Art. 10.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva non serán remunerados, sen prexuízo do dereito a seren reembolsados dos gastos que a súa dedicación á mesma lles ocasione, sempre que sexan debidamente xustificados; os seus membros deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade, por si mesmos ou por persoa interposta.

Os cargos serán elexidos por votación en Asemblea Xeral, que poderá ser secreta se polo menos un 20% dos membros da Asamblea o solicita, e serán vixentes por un período de dous anos sen posibilidade de renovación por períodos consecutivos.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria ou por transcurso do prazo para o que foron elexidos, debéndose facer un efectivo traspaso de poderes coa entrega da documentación e posta ao día do sucesor/a ou sucesores/as.

A última Asemblea Xeral antes de finalizar o mandato da directiva aprobará o calendario e a normativa electoral para a renovación de cargos.

Art. 11.- É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades asociativas, levar a xestión administrativa e económica da asociación e tamén someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Por outro lado, a Xunta Directiva procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, fixar as cotas ordinarias e extraordinarias que se aprobaren, designar as comisións de traballo para o bo funcionamento da Asociación, ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderanlle tamén todas aquelas actividades que lle foren delegadas pola Asemblea.

Art. 12.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determinar o presidente ou o vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus membros. Será presidida polo presidente e, na súa ausencia, polo vicepresidente, o secretario ou o tesoureiro, por esta orde; se faltaren os anteriores, será presidida polo membro de máis antigüidade na Xunta.

Para os acordos da Xunta seren válidos, deberán ser adoptados pola maioría dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia de, polo menos, a metade dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O secretario ou, no seu defecto, o vicepresidente, levantará acta das sesións, que se transcribirán ao libro de actas.

Art. 13.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou de recabar destas as informacións necesarias. Ademais, formarán parte das ditas comisións o número de vogais que a Xunta Directiva estime oportuno, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellaren, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

Art. 14.- O presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no art. 8º, as seguintes atribucións:

a) Presidir e levantar as sesións que celebrar a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, decidindo con voto de calidade en caso de empate.

b) Propor o plano de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

c) Ordenar os pagamentos acordados validamente.

d) Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado.

e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da Asociación, xunto co secretario ou co membro da Xunta Directiva a quen corresponda a elaboración do documento en cuestión.

O presidente será asistido nas súas funcións polo vicepresidente, que, además, o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

En caso de demisión, será inmediatamente substituído polo vicepresidente. Asemade, convocarase nun prazo non superior a seis meses a Asemblea extraordinaria para a elección de presidente e Xunta Directiva.

Art. 15.- O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias e custodiar as actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do presidente.

Ao secretario correspóndelle tamén levar inventario dos bens da asociación nun libro establecido ao efecto.

Art. 16.- O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en todas as operacións de orde económica.

O tesoureiro ten a obriga de proceder ao encerramento do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean á disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Art. 17.- Os vogais, no número que determinar a Asemblea Xeral, terán as seguintes atribucións:

a) Realizaren programas e propostas de traballo na súa area de actuación.

b) Desenvolveren os traballos que lles foren encomendados pola Xunta Directiva.

Art. 18.- A Asemblea Xeral, integrada por todos os socios/as, é o órgao supremo da asociación e a súa mesa estará composta polo presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro da entidade.

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acordar a Xunta Directiva, segundo for necesario polo tema a tratar conforme o solicitaren a cuarta parte dos asociados. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, en que se debe expor o motivo da convocatoria e a orde do día.

Art. 19.- A Asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos tres primeiros meses do ano. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase por medios telématicos.

Art. 20.- Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

20.1. Aprobar a acta da reunión anterior.
20.2. Aprobar o plano de actividades.
20.3. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
20.4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
20.5. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
20.6. Examinar e aprobar as cotas.

Art. 21.- Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

21.1 Modificar os Estatutos da Asociación.
21.2 Elixir os integrantes da Xunta Directiva.
21.3. Aprobar a federación con outras asociacións.
21.4. Autorizar o alleamento, gravame e hipoteca de bens sociais, sempre que o valor conxunto unitario neto supere os seis mil euros (cantidade actualizábel a medio do I.P.C anual).
21.4 Acordar a disolución da Asociación.
21.5 Designar os liquidadores.
21.7. Ratificar a expulsión dos/as asociados/as a proposta da Xunta Directiva.
21.8. Solicitar a declaración de utilidade pública da entidade.
21.9. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
21.10. As que, sendo competencia da Asemblea Ordinaria por razón de urxencia ou necesidade, non puideren esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
21.11. Todas aquelas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva.

Art. 22.- Para as asembleas poderen tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorreren a metade máis un do total na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Art. 23.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos aos apartados 1 ao 7 do artigo 21º, que requerirán unha maioría cualificada que resultará cando os votos afirmativos superen a metade dos asociados. A seguir, levaranse os acordos ao Libro de Actas e asinarase polo presidente e o secretario da Asemblea.

A Acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

Art. 24.- Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores serán de cumprimento obrigatorio para todos/as socios/as, incluso para os/as non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determinar o presidente. Seguidamente, procederase por parte do secretario á lectura da acta da Asemblea anterior, que deberá ser aprobada, se proceder.

Posteriormente, o Secretario procederá a formular a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva a quen corresponder, procedéndose á aprobación nos termos contidos neste estatutos, segundo a materia tratada en cuestión.

Unha vez rematados todos os asuntos da orde do día, procederase, se a presidencia o considerar oportuno ou se o solicitaren un dez por cento dos asociados, a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos; concluído este, levantarase a sesión por parte do presidente.

Art. 25.- Os acordos que foren contra estes Estatutos ou que infrinxiren os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición ante a Asamblea Xeral, no prazo de un mes desde que o recorrente os tivese coñecido. A partir da resolución do recurso de reposición, ficará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

CAPITULO TERCEIRO:

DAS ASOCIADAS E DOS ASOCIADOS, OS SEUS DEREITOS E DEBERES

Art. 26.- Poderán ser membros da Asociación, con carácter de socio, as persoas físicas ou xurídicas cua actividade principal sexa a produción e tratamento de información calquera que sexa o seu soporte e que, dalgún xeito, tiveren interese en servir aos fins da Asociación e fosen admitidas pola Xunta Directiva despois de comprobar que os medios editados por estas entidades cumpren os seguintes requisitos:
- Que a lingua en que se editan ou emiten sexa o galego.
- Que teñan unha periodicidade non superior a un mes.

- Que teñan unha vida mínima anterior á súa entrada como socios superior a seis edicións para medios impresos, e de seis meses para medios dixitais, radio e televisión.
- Que máis do 70% da súa extensión ou tempo de emisión estea adicada a contidos non publicitarios.
- Non poderán formar parte da asociación os órganos de expresión de administracións públicas ou entidades dependentes, partidos políticos, organizacións sindicais, patronais e colexios profesionais, así como calquera outra de análoga natureza.
- Non poderán formar parte da asociación as persoas ou entidades que se atopen incursas en procesos concursais ou de disolución, ou que manteñan débedas con traballadores ou ex traballadores.
- O ámbito temático das publicacións que forman parte da Asociación é o da información, opinión, análise e comentarios da actualidade. Non poderán formar parte da asociación aquelas empresas editoras de medios sectoriais ou especializados nin os destinados a ser soporte exclusivo de publicidade.

Tamén poderán ser membros da asociación, con carácter de **socio colaborador** e coas limitacións que se indican no artigo 29 destes estatutos, calquera empresa ou empresario individual no que concorran as condicións sinaladas no presente artigo.

Art. 27.- Os que desexaren pertencer á Asociación deberán solicitalo por medio de escrito dirixido ao presidente, o cal dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión do socio, podendo ser recorridas estas decisións perante a Asemblea Xeral ordinaria seguinte á resolución da Xunta Directiva. Na solicitude farase constar a persoa designada para exercer a representación.

Art. 28.- Os socios poderán solicitar a súa baixa na asociación voluntariamente, mais isto non os eximirá de satisfaceren as obrigas que tiveren contraídas previamente. As baixas presentaranse por escrito de forma que faga fe.

A Xunta Directiva poderá afastar da Asociación aqueles socios que cometeren actos prexudiciais para esta.

A separación será precedida de expediente en que deberá ser escoitado o interesado; contra o acordo da Xunta Directiva poderá presentar recurso perante a primeira Asemblea Xeral que se celebrar, previa comunicación escrita ao secretario da asociación (nun prazo máximo de até setenta e dúas horas antes da Asemblea Xeral) de que vai exercer este dereito; o secretario encargarase de o comunicar ao inicio da Asemblea e será incluído na orde do día.

Unha vez esgotado este procedemento, e en contra da resolución definitiva da asemblea, poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Art. 29.- Os asociados/as terán os seguintes dereitos:

29.1. Tomar parte nas asembleas con voz e voto. Os socios colaboradores terán voz, pero non voto.
29.2. Elexir e ser elexidos para cargos directivos. Os socios colaboradores non poderán ser elexidos para cargos directivos.
29.3. Tomar parte en cantas actividades organizar a asociación en cumprimento dos seus fins.
29.4. Desfrutar das vantaxes e beneficios que a Asociación puidera ofrecerlles.
29.5. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
29.6. Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde a mellorar o funcionamento da entidade e acadar os fins da asociación.
29.7. Coñecer o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación todos os anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.
29.8. Ter copia destes Estatutos.
29.9. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos de dirección.

Art. 30.- Serán obrigas dos asociados/as:

30.1. Prestar cantos servizos determinasen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
30.2. Desempeñar os cargos para os que foron elexidos.
30.3. Asistir ás Asembleas Xerais.
30.4. Satisfacer as cotas que se estabelecesen, agás os socios colaboradores que estarán eximidos do pagamento das mesmas.
30.5. Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

Art. 31.- A condición de socio/a pérdese:

31.1. Por vontade do asociado.
31.2. Por falta de pagamento das cotas establecidas.
31.3. Por cese de actividade, disolución ou quebra do asociado.
31.4. Por realización de accións que prexudicaren os intereses da Asociación ou que competiren directamente cos intereses da mesma, por medio do correspondente expediente disciplinario.

Art. 32.- A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando se estivera tramitando un expediente disciplinario ou cando concorreren causas xustificadas que o aconsellaren, tales como comportamentos que afectaren a boa marcha dalgún dos fins da Asociación, etc. O expediente disciplinario recollerase no Regulamento de réxime interno, mais, en todo o caso, a resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPITULO CUARTO:

DO RÉXIME ECONÓMICO

Art. 33.- A "ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO", non posúe patrimonio ningún no momento de se constituír.

Art. 34.- A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O orzamento será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá telo preparado antes do día 1 de xaneiro de cada ano, a fin de poder ser aprobado na Asemblea Xeral ordinaria.

Art. 35.- Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

a) As contribucións periódicas dos/as socios/as, de as houber.
b) As contribucións extraordinarias que propuxer a Xunta Directiva e foren aprobadas pola Asemblea.
c) As doazóns ou subvencións que puideren conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
d) Os ingresos que se puideren percibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Art. 36.- As contribucións ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral segundo a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrábeis en caso ningún e dedicándose a atender as necesidades básicas de funcionamento da asociación.

Art. 37.- Anualmente, e con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria. Esta será posta á disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, a cal deberá aprobalo ou censuralo.

Art. 38.- Anualmente, no tempo que estabelece o artigo 19º, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

Art. 39.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias en que a Asociación os tiver depositados, terán recoñecidas as sinaturas nas entidades bancarias correspondentes o Presidente, Tesoureiro e o Secretario, sendo precisas polo menos dúas delas para calquera disposición de fondos das mesmas. En caso de incapacidade dalgunha das persoas apoderadas as súas sinaturas poderán ser substituídas polas de calesquera outros membros da Xunta Directiva.

Art. 40- Como entidade sen ánimo de lucro, os recursos obtidos pola asociación en ningún caso poderán ser distribuidos a título gratuíto entre os/as asociados/as.

CAPITULO QUINTO:

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Art. 41.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo o caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdicional civil.

CAPÍTULO SEXTO:

DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art. 42.- Os presentes estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou dun tercio dos socios/as. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria informará das modificacións propostas, abríndose un prazo de 10 días para que calquera socio/a puider dirixir á secretaria as propostas e emendas que estimasen oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á realización desta.

Art. 43.- Para ser aprobada a reforma dos estatutos será necesario o voto favorábel de dous tercios dos membros da Asemblea Xeral de socios.

Art. 44.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

a) Pola vontade dos asociados, acordada polos dous tercios destes.
b) Por outras causas determinadas legalmente, ao amparo da lexislación vixente.

Art. 45.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados que, xunto ao presidente e ao tesoureiro, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando as débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Art. 46.- Unha vez efectuada a liquidación, o haber resultante doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autonoma que tiver os mesmos ou similares fins aos desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.